



Estimadas familias:

Dende o equipo directivo do CPI A Xunqueira queremos poñernos en contacto convosco para poder informar o mellor posible a todas e todos das medidas que imos implementar este curso. A situación sanitaria que provoca a pandemia de COVID-19 fai moi necesaria a redacción dunhas normas que garantan a seguridade das vosas fillas e fillos; a Consellería de Educación redactou un protocolo provisional de actuación ante a pandemia, e dende o equipo directivo levamos traballando dende hai varias semanas na adaptación deste protocolo ás características do noso colexio.

O noso obxectivo é que o noso centro sexa un conntorno o máis seguro posible, todos os profesionales que traballamos aquí estamos facendo todo o que está nas nosa mans para acadalo, pero necesitamos a vosa inestimable colaboración para conseguir que o noso colexio sexa un espazo libre do COVID-19, polo que vos pedimos que leades con atención as normas específicas que elaboremos para as familias.

Un punto importante das instrucións da Consellería de Sanidade e o que di "*Os centros educativos promoverán que as reunións de coordinación e aquelas outras actividades non lectivas que sexan posible se realicen de forma telemática*", polo que nos vemos na obriga de establecer novas canles de comunicación connosco, intentando que a comunicación entre o equipo directivo, o profesorado e as familias continúe sendo directa e fluída.

Sentimos moito comunicarvos que as familias non poderedes acceder ao recinto escolar nin permanecer nel, salvo casos moi excepcionais. Isto non quere dicir que non estemos en contacto, senón que teremos que facelo de xeito diferente. Todo o persoal do centro, tanto o equipo directivo como o profesorado e o persoal non docente estamos á vosa disposición para solucionar as dúbidas que teñades. Para facilitar esta comunicación publicaremos na páxina web do colexio os correos electrónicos de todo o profesorado.

Utilizaremos a páxina web para dar a coñecer todos os documentos oficiais: o protocolo COVID da Xunqueira, os resumos dirixidos ao alumnado, ás familias, ao profesorado, á coordinación das entradas e saídas e ao desenvolvemento dos recreos. Enviaremosvos a través da aplicación Abalar un aviso e a ligazón cando estes documentos estean publicados; tamén utilizaremos as redes sociais (Facebook, Instagram,..) para os avisos.

O respecto das normas de hixiene (limpeza de mans, uso da máscara, respecto da distancia de seguridade), dos horarios, das rutas de entrada/saída resulta primordial para manter a seguridade. Dende o centro promoveremos o cumprimento de todo isto, pero necesitamos que vós dende a casa lles insitades moito na importancia de cumprir co protocolo, pois é a saúde dos vosos fillos e fillas, e polo tanto, a saúde da vosa familia, a que está en xogo.

Todos os días, antes de saír cara ao cole, debes facer unha avaliación do estado dos vosos fillos; ante calquera indicio de posible contaxio, tedes que avisar inmediatamente ao persoal sanitario e seguir as instrucións; tamén tedes que avisar telefonicamente ao colexio.

Como todos os anos teremos reunións de inicio de curso coas familias, pero serán de xeito telemático ou telefónico, agás naqueles casos excepcionais que precisen presencialidade.

O comezo de curso está previsto para o 10 de setembro para Infantil e Primaria e para o 16 para a ESO. Proximamente publicaremos información máis concreta sobre o desenvolvemento da xornada de acollida nos diferentes niveis educativos, pero xa vos adiantamos que dedicaremos o primeiro día do curso fundamentalmente a explicarlle ao alumnado como serán as entradas e saídas, os recreos, as clases, as normas de hixiene e de convivencia, e toda a información relevante para iniciar de xeito seguro as clases.

Non queremos despedirnos sen agradecer de antemán a vosa colaboración, sabemos que podemos contar convosco para conseguir manter A Xunqueira libre da COVID e que todo o alumnado poida ter un ensino presencial.

Unha aperta, o equipo directivo.